

COMUNICADO de AGAG e CREA ACERCA DO PLAN DE REACTIVACIÓN CULTURAL PROMOVIDO POLA XUNTA DE GALICIA

Nestes tempos nos que a distancia se converteu en norma, teríanos gustado que a Consellería de Cultura fixese unha excepción achegándose a nós.

Esta é unha **industria**, a **cultural**, que se sustenta sobre os ombreiros de centos de traballadores e traballadoras que viron, do mesmo xeito que o resto do mundo, como se puña a súa vida en suspenso. Ademais, polas particularidades do noso oficio, estes profesionais son na súa maioría autónomos ou traballan con contratos por obra. As nosas carreiras, polo tanto, adoitan estar ligadas a proxectos, non a empresas. **O músculo da cultura audiovisual galega**, xunto a grandes produtoras, **son centos de axentes libres** que confeccionan o tecido do noso traballo.

Dende os técnicos e técnicas, que como temporais saltan dunha rodaxe a outra, ou os actores e as actrices que encadean nunha semana tres altas en tres empresas distintas, ata guionistas, directores e directoras que asumen o risco de levantar os seus propios proxectos, escribíndoos e deseñándoos pola súa conta. O noso audiovisual non sería nada sen eses traballadores que son o motor creativo e os rostros diante e detrás das cámaras. A paixón polo que facemos maquilla a inestabilidade dun mañá incerto. De non saber que será o próximo. Pero que convivamos con esa inseguridade non significa que sexamos inmunes a ela.

De feito, estes traballadores libres, sen rede de seguridade, sen opción a ERTE, autónomos que viron a súa facturación minguada ou, directamente, profesionais que ven que ese novo proxecto que esperaban nunca chega, son particularmente damnificados por estas crises. E con todo, **nin AGADIC no caso de AGAG nin a Consellería de Cultura se molestaron en preguntarnos cales eran as nosas necesidades**. Sentóusenos á mesa cun menú pechado. E aínda que a fame aprema, non imos tragar con todo.

O plan de reactivación que propón a Xunta pode estar cargado de boas intencións pero non dá respostas concretas a necesidades concretas. Fala de apoiar a fase previa á produción audiovisual e nin sequera se sentaron a falar cos guionistas, parte esencial e indispensable deste proceso. Tampouco se reuniron con técnicos, directores, realizadores nin intérpretes para afrontar os protocolos de seguridade das rodaxes ou para enfocar as axudas que o colectivo, máis aló de produtoras e empresarios, precise. Unha boa intención debe cristalizar en **actuacións definidas e consensuadas cos profesionais** que escriben, rodan e interpretan as nosas producións, porque son eles os que mellor coñecen as particularidades do seu oficio, trastornado polo contexto actual.

Por iso, desde **AGAG (Asociación Sindical Galega de Guionistas) e CREA (Asociación Galega de profesionais da Dirección e Realización)** gustaríanos convidar a quen corresponda ao diálogo. Sentarnos para definir aquelas medidas que con maior urxencia necesitan os nosos traballadores do audiovisual, tanto aquelas que o Plan de Reactivación puxo sobre a mesa, como aquelas outras que, entendemos, son esenciais para a correcta recuperación dunha industria que move Galicia con apelido de excelencia por todo o mundo. E que seguro ningún desexamos destinar a outra crise difícil de superar en moitos anos.

Sen tempo que perder quedamos á espera da resposta da Consellería de Cultura nun debate que permita influír nun Plan de Reactivación que non pode darse por blindado ou pechado neste momento de especial transcendencia histórica.

